

## ACTA Nº 34/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE AGOSTO DE 2009**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 3 de agosto de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 09:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 09:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 33/09, do 27/07 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

- **EXPTE. 148/09 – D. JOSÉ MARTÍNEZ MARTÍNEZ** presenta estudo técnico para adecentamento de fachadas de vivenda unifamiliar, sita no lugar do camiño da

Carballeira núm. 199 do barrio do Latón-Meira-Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 17.07.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de xullo de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación das fachadas con pintado exterior da vivenda, aplacado exterior en planta de semisoto e esquinais en planta baixa conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	190,40 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel obra.....	110,00 €

**3.- PARCELACIÓNS**

Visto o expediente instruído a instancia do interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

- **EXPTE. 144/09 - D. MANUEL CANABAL GONZÁLEZ** presenta proxecto de parcelación de finca DE 562,00 m2 en dúas parcelas de 307,44 e 254,56 m2, respectivamente, sita no barrio do Calvar – Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Javier Sánchez Fernández, visado na data 10.07.09.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 30 de xullo de 2009, que literalmente di como segue:

**ASUNTO:** PARCELACIÓN

**INFORME: Procede licenza.**

Solo urbano. Finca matriz de 562,00 M/2 que se divide en dúas parcelas “A” e “B” de 307,44 e 254,56 M/2 respectivamente que cumpren coa parcela mínima establecida nas NN. SS de Planeamento Municipal para a zona onde se ubican e cuxa configuración queda establecida no proxecto visado polo COAG con data de 10/07/2009.

**Liquidación provisoria de tributos**

Taxa licenza urbanística..... 110,00€

**4.- ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE**

**EXPTE. 151/09 – BODEGAS COSTAS C.B.** presenta proxecto de acondicionamento de local e implantación e actividade para destilería artesanal de augardente, a situar na Avda. de Marín, do barrio de Quintela, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Rafael Señaris González, visado o día 13.07.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de xullo de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE DE DESTILERÍA ARTESANAL DE AUGARDENTE (OBRA MAIOR).

**INFORME:**

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúño de 1955- especifica que con arreglo o proxecto presentado, a edificación dun inmueble se destinará a establecemento de características determinadas, non se otorgará a licenza de obras sin o outorgamento da licenza de apertura si fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e , ademais, licenza urbanística, serán obxero duna soa resolución, sin perxucio da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A actividade por ter unha produción inferior a 500 litros/día non se somete o Decreto 133/2008, de 12 de xuño de Avaliación da incidencia ambiental.

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concurrentes – Consellería de Sanidade- no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade ou de apartura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, **proponse o arquivo provisional** deste expediente de obra en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....249,78 €

Taxas licenza urbanística..... 65,00 €  
Cartel obra.....110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente nº 151/09 en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade**

## **5.- PECHES – OBRAS MENORES**

Vistos os expedientes instruídos a instancias dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**5.A) EXPTE. 149/09 – D.<sup>a</sup> JOSEFA CRUZ SANLUIS** solicita a construción dun muro de peche de 24,41 ml e 2,00 ml de altura, a base de bloques de formigón, columnas de formigón armado, lindante coa servidume de paso a fincas, a situar no lugar do camiño vello, núm. 29, do barrio do Con – Tirán, Moaña, de conformidade coa documentación presentada, co obxecto de legalizar o expediente de reposición da legalidade urbanística número 25/09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de xullo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (OBRA MENOR)

**INFORME: Procede licenza de acordo coa documentación aportada.**

Procede licenza de acordo coa documentación aportada.

Non require informes sectoriais.

Pola presente, tratándose dun peche delimitadora dunha servidume, a presente licenza legaliza a obra sometida a expediente de reposición da legalidade 25/09 sen perxuízo de terceiros.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 28,76 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

**5.B) EXPTE. 146/09 – D. JOSÉ PEREIRO SANTIAGO** solicita a construción dun muro de peche a lindeiros e chorreo, limpeza e pintado de muro existente a vía pública, situado no barrio de Reibón – Meira, de conformidade co croquis presentado. Lonxitude

do peche a lindante: 28,50 ml; lonxitude do peche existente a vial: 16,00 ml; orzamento das obras: 683,00 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de xullo de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** CERRAMENTO A LINDANTES E CHORREO, LIMPEZA E PINTADO DE MURO EXISTENTE A VÍA PÚBLICA. (OBRA MENOR)

**INFORME:** Procede licenza de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

No muro lindante coa vía pública non se poderá actuar con procedementos consolidatorios o marxe da solicitude

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	29,08 €
Taxas licenza urbanística .....	65,00 €

## **6. OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

**6.A)** Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA – DEPARTAMENTO TERRITORIAL, no que solicita informe sobre autorización municipal debido á tramitación dunha reclamación efectuada por D.<sup>a</sup> María Carme Ríos Rodríguez contra a empresa distribuidora Unión Fenosa por irregularidades na subministración de enerxía eléctrica á súa vivenda, expte. 219/2008),.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de xullo de 2009, que literalmente di:

Arturo Garrido García, aparelador municipal, a requerimento do Sr. Alcalde, en relación da **petición de información sobre autorización municipal ( expte. I.E. 219/2008 ) formulado polo Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria,** informo:

O Concello de Moaña en resolución da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 15 de xuño de 2007 otorgou licenza o expediente denominado LMT, CT, RBT PALMÁS; o CT se sitúa, según a información gráfica adxunta dos datos catastrais de bens inmobles de natureza rústica, na parcela 9022 do polígono 27, o lado da parcela 586. Este ben que o catastro describe como camiño resulta ser de titularidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e constitúe un sobrante por modificación do antigo trazado da Estrada PO-551 ( Marín-Rante ).

A licenza se otorga salvo o dereito de propiedade e sen perxucio de terceiros según o disposto no Artigo 12 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, polo que resulta congruente o acordo de concesión coa obriga por parte do peticionario da dispoñibilidade de solo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Economía e Industria – Departamento Territorial de Pontevedra.**

**6.B)** Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – Servizo provincial da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, no que solicita informe do Concello en relación coa solicitude de autorización de D.<sup>a</sup> Banesa Pérez López para conservación de vivenda unifamiliar no lugar de Latón, barrio de Ribeira nº 301, expte.: A-PO-2009/072,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de xullo de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PETICIÓN DE INFORME DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

Arturo Garrido García, aparelador municipal deste Concello, a requirimento do Sr. Alcalde, en relación coa petición formulada pola **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística** da Consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, **expediente A-PO 2009/092**; ante a solicitude formulada para zona delimitada como servidume de protección da Lei de costas por Dna. Banesa Perez López para unha actuación nunha vivenda unifamiliar sita no lugar do Latón, barrio de Ribeira. Meira, deste termo municipal, teño a ben informear o seguinte:

As NN. SS de Planeramento Municipal califican a zona de solo urbano para Ordenanza 2 (adxuntamos copia da mesma); usos permitidos de vivenda unifamiliar. Conta cos servizos urbanísticos.

O expediente presentado ante este Concello se lle requiriron enmendas de carácter interior a edificación para o seu axuste as Normas do Habitat Galego.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo ao servizo provincial da Axencia de Protección da Legalidade urbanística - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.**

## **7.- LICENZAS DE APERTURAS**

**7.A) EXPTE. 16/09, D.<sup>a</sup> MÓNICA HERBELLO RIÓS** - solicita licenza de apertura para comercio polo miúdo de semillas, abonos, flores e plantas e pequenos animais, na Urbanización O Rosal, 12-13 baixo, Moaña.

Dáse conta do informe emitido polo aparelador municipal o 22 de xullo de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** COMERCIO MENOR DE SEMENTES, ABONOS, FLORES, PLANTAS E PEQUENOS ANIMAIS.

**INFORME: Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe da Consellería de Sanidade conforme as condicións hixiénico sanitarias son favorables para a actividade que se solicita.

Atendendo o disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituir un uso do solo.

A presente actividade de **comercio menor de sementes, abonos, flores, plantas e pequenos animais**, resulta compatible co planemento urbanístico dadas as características da mesma; o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, unha vez inspeccionado polo técnico que suscribe, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada, salvo pequenas modificacións non substanciais.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Taxa licenza apertura..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **D.ª MÓNICA HERBELLO RIÓS** licenza para a implantación da actividade de **COMERCIO POLO MIÚDO DE SEMILLAS, ABONOS, FLORES E PRANTAS E PEQUENOS ANIMAIS**, no local sito na Urbanización O Rosal, 12-13 baixo, Moaña, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

**7.B))** [Auséntase o concelleiro D. Valentín Piñeiro].

**EXPTE. 21/09, D. PABLO PIÑEIRO COSTA** - solicita licenza de apertura para QUIOSCO nos Barreiros, Ribeira, Meira..

Dáse conta do informe emitido polo aparelador municipal o 29 de xullo de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** QUIOSCO

**INFORME: Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais.

Atendendo ao disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituir un uso do solo.

A presente actividade de **quiosco**, resulta compatible co planeamento urbanístico dadas as características particulares maioritarias da actividade comercial para venda de prensa e artigos envasados de degustación de crios; o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, unha vez inspeccionado polo técnico que suscribe, cumple coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Taxa licenza apertura..... 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparellador municipal, acorda conceder a **D. PABLO PIÑEIRO COSTA** licenza para a implantación da actividade de QUIOSCO, nos Barreiros, Ribeira, Meira, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

[Reincorpórase o concelleiro Sr. Piñeiro].

### **7.C) EXPTE. 42/08 – MONTAJES CANCELAS, S.L.**

Continúase coa tramitación da solicitude de licenza de apertura para a construción e reparación de embarcacións, e visto o informe emitido polo aparellador o día 21 de xullo de 2009, que textualmente di:

PETICIONARIO: MONTAJES CANCELAS S.L.

ASUNTO: INSTALACIÓN PARA CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN DE EMBARCACIONES

INFORME:

A teor do especificado no Artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de impacto ambiental os servizos técnicos do Concello emitisen informe sobre a compatibilidade da actividade cos instrumentos de planeamento urbanístico e das ordenanzas municipais.

Co presente expediente preténdese acadar a resolución do dictamen de incidencia ambiental como trámite previo para o outorgamento da correspondente licenza de actividade para unha instalación en funcionamento amparada en licenza urbanística outorgada con resolución previa da Comisión Provincial de Urbanismo para solo non urbanizable que **se circunscribe exclusivamente ó ámbito da actual nave**, do que se deduce que queda totalmente prohibidas polas circunstancias urbanísticas actuais maiores ocupacións de solo ou calquera ampliación; si resulta compatible a consolidación do uso preexistente do que determina o **informe favorable urbanístico** da instalación por aplicación do apartado 3 da Disposición transitoria cuarta da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; disposición que faculta as construcións executadas en solo rústico ao abeiro da licenza urbanística e da preceptiva



autorización autonómica poderán manter o seu uso autorizado e poderán executarse nelas obras de mellora e reforma das instalacións sen incrementar a superficie edificada legalmente. Quedan prohibidas as ampliacións nos solos rústicos de protección de costas.

Certifícase o cumprimento da ordenanza municipal de ruídos.

Sobre as alegacións. Sométese a información pública un determinado proxecto, en principio Concello de Moaña trata de deslindar as prácticas legalizadas para esa actividade das prácticas non obxecto de autorización de xeito que as posteriores inspeccións teñan un fundamento normalizado; as alegacións deberían, en principio, versar sobre os conceptos vertidos no proxecto, o feito de que a instalación esté en funcionamento xenera unha desviación sobre feitos e presuncións que preocupan o vecindario. As alegacións presentadas se basan fundamentalmente debido a actividades executadas tanto no exterior como as exercidas coas portas abertas da instalación, sen dúbida as medidas correctoras que se impoñan impidan totalmente semellantes prácticas e minimicen a incidencia ambiental da instalación. Igoalmente, debemos desestimar calquera ampliación, tanto da plataforma do recheo como da nave obxecto de licenza de actividade; as alegacións presentadas nesa dirección non teñen fundamento dado que tales pretensións non serían asumidas polo presente expediente, deberían en todo caso sustentarse nunha licenza urbanística, si procedera.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á delegación territorial da Legalidade urbanística - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.**

## 8.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
DEPORTES	Trofeos de pesca aferróns	DEL RÍO SPORT	4520-22601 RC 1231	395,00 €
SALVAMENTO PRAIAS	Vestuario persoal salvamento praias	SERIPROTEC	2221 22104 RC 1238	503,81 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 9.- ANULACIÓN DE ACORDO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE GASTO.

Vista a proposta do concelleiro de Facenda ns que propón anular un acordos de autorización e compromiso de gasto aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 20 de xullo de 2009, por ter rectificad o pedido por un importe superior, co fin de repoñer o crédito comprometido á situación de dispoñible,

Vista a normativa aplicable, artigos 54 e 56 do RD 500/1990,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Anular o acordo polo que se autoriza e compromete o seguinte gasto, adoptado pola Xunta de Goberno Local do 2009, con indicación do concepto para o que foi autorizado e comprometidos, o importe, a partida á que se imputarou e o motivo da súa anulación:

<b>DATA aprobación do acordo</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>CONTÍA</b>	<b>PARTIDA - RC</b>	<b>MOTIVO anulación</b>
20.07.09	Reparación tractor limpeza praias - Provedor: MCD, S.L.	1.224,96 €	5110 21300 RC 1170	Rectificación do pedido

**Segundo:** Rexistrar na contabilidade dita anulación repoñendo ese crédito á situación de dispoñible.

**Terceiro:** Notificar o acordo ao departamento de Intervención.

## 10.- CONTA XUSTIFICATIVA: “VACACIONES EN PAZ 2009”.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 9 de febreiro de 2009 aprobouse que se tramitara o pagamento dos agasallos para a recepción dos nenos/as saharauis **Vacacións en Paz 2009** mediante un pagamento a xustificar por importe de 600 euros liberados a nome da concelleira de Servizos Sociais, D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso,

Vista a conta xustificativa achegada pola habilitada de data 23 de xullo de 2009.

Visto o informe de Intervención do día 29 de xuño de 2009.

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña,.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedida a D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso, por importe de 600,00 euros, en concepto de *Vacacións en Paz 2009*

**Segundo.-** Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

## **11.- RECTIFICACIÓN DE ACORDO DE AXUDAS EXTRASANITARIAS**

Por Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2009, visto o informe do interventor do 05.06.09, aprobou o recoñecemento da obriga a favor de D.<sup>a</sup> Carmen Casás Cordeiro, por importe de 105,00 euros, con cargo á partida 1210.16204, en concepto de axuda extrasanitaria.

Visto que houbo un erro na transcripción da contía solicitada e xustificada da axuda, reflectida correctamente no cálculo realizado pola intervención municipal pero errada na transcripción da suma (70,00 euros e 45,00 euros),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda rectificar o acordo tomado na Xunta de Goberno Local do 8 de xuño de 2009, no sentido de recoñecer a obriga a favor de D.<sup>a</sup> Carmen Casás Cordeiro, por importe de 115,00 euros (non de 105), con cargo á partida 1210 16204, en concepto de axuda extraordinaria.

## **12.- POSTOS MERCADILLO VENDA AMBULANTE**

Visto informe – proposta do encargado do mercadillo de data 3 de agosto de 2009, no que indica a relación de vendedores do mercadillo que presentaron a documentación requirida polo Concello para poder exercer a venda ambulante:

Nome e apelidos	NIF	Mercadoría	Superficie
M <sup>a</sup> Carmen Vieitez Sotelo	36031024 Y	Calzado	10 metros
Aida Ndoye	X1470276 R	Bisutería	4 metros
Sol de América Peña Rodríguez	35311222N	Roupa	7 metros
El Hadji Fall	X2527844Y	Bisutería	4 metros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as solicitudes obrantes na proposta.

### **13.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA DEPOSITADA POR PROMOCIONES Y CONTRATAS RÍA DE VIGO, S.L.**

Vista a solicitude de PROMOCIONES Y CONTRATAS RÍA DE VIGO, S.L. na que expón que con motivo da obra dunha edificación con nº expte. 92/2006, parcela nº 3, depositou fianza para a urbanización, e unha vez rematada a obra, solicita a súa devolución,

Visto o informe da tesoureira do 31 de xullo de 2009 (38/09), emitido tralo informe favorable á devolución do aparelador municipal do 8 de xullo de 2009, que indica que se comprobou o depósito do aval correspondente na tesourería municipal (núm. documento 2006-437-0), e **informa favorablemente** a devolución da fianza definitiva correspondente ás obras de urbanización do expediente 92/06, por importe de 228,80 euros, a favor de PROMOCIONES Y CONTRATAS RÍA DE VIGO, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza de 228,80 euros a favor de PROMOCIONES Y CONTRATAS RÍA DE VIGO, SL.

### **14.- SOLICITUDE DE VADO DE D.<sup>a</sup> ROSA M<sup>a</sup> IGLESIAS SANTOMÉ**

Con data 10 de xullo de 2009, D.<sup>a</sup> ROSA M<sup>a</sup> IGLESIAS SANTOMÉ presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Ramón Cabanillas, 63, baixo, para o que presenta o recibo de pagamento das taxas por un importe de 58,12 euros (40,90 € e a complementaria por 17,22€)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 17 de xullo de 2009, no que indica que a colocación do vado é factible, e que o portal é de 2,45 m e o rebaixe da beirarrúa de 3,45 m. de ancho.

Visto o informe do inspector de obras do día 20 de xullo de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D.<sup>a</sup> ROSA M<sup>a</sup> IGLESIAS SANTOMÉ, cunha entrada de 2,45 metros e cun rebaixe de beirarrúa de 3,45 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 58,12 €, e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

## 15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a que se relaciona a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
CASIANO COSTAS HERMIDA	Auga, uso doméstico	Pura P. Prado, s/n, portal 1 – 2º A (urb. O Rosal)	Conexión .....60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia
EVA PARADA PAZO	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 43 – 1º A	Conexión .....60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia Aparellador municipal

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 09:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.